CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos máis adecuados.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigación e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.</li> <li>- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.</li> <li>- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.</li> <li>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.</li> <li>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Into the future.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, expresados de forma clara.		
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.	PE	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Inferir e explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos máis adecuados.	TI	55
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto</li> </ul>

## Contidos

- (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

A metodoloxía didáctica na etapa da ESO será especialmente activa e participativa, favorecendo o traballo cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias clave correspondentes. A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e unha atención personalizada en función das necesidades de cada persoa. Os mecanismos de reforzo, que se poñerán en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

O punto de partida do proceso de aprendizaxe por parte dos alumnos/as serán os seus coñecementos previos. Sabemos que os/as alumnos/alumnas aprenden de maneira distinta así como a ritmos diferentes; sabemos tamén que a avaliación do proceso individual e grupal do alumnado no proceso de aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade do mesmo e conseguir unha aprendizaxe permanente. Centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón tamén, entre outras cousas, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer.

As situacións comunicativas captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso, é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións. Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso, esta programación está deseñada para ser utilizada con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que acadan día a día.

Nesta programación de aula, no caso de ser posible, haberá un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran. No día a día, terase sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

Cada unha das unidades desta programación proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumnado, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Esta programación toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo. Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela. Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir. Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, na medida do posible, garantizando así a súa aprendizaxe permanente.

En base a todo o exposto anteriormente esta programación contribúe a desenvolver os seguintes aspectos:

1. Traballo cooperativo: adicarase parte do tempo na aula ó traballo cooperativo, para facilitar as máximas oportunidades de expresión dos alumnos.
2. Ensino do vocabulario: fomentarse a dedución e o rexistro de palabras dos alumnos.
3. A práctica das destrezas lingüísticas.
  - a. Receptivas: comprensión oral e escrita.
  - b. Productivas: expresión oral e escrita (expresión e interacción).
4. Aprender a aprender.
  - a. Desenvolver estratexias de aprendizaxe que lles permitan ser mellores aprendices, máis eficaces e autónomos, e mellores usuarios dunha lingua estranxeira.
  - b. Usar o dicionario formato papel ou online para buscar o significado de palabras, sempre que sexa posible.
  - c. Usar as seccións de gramática dos libros para comprobar cuestións gramaticais.
  - d. Tratar de corrixir os erros sós, antes de recorrer ao profesor, que lles dará a resposta axeitada.

Na aula adicarase unha parte do tempo ao traballo cooperativo, así como de forma individual para facilitar a práctica das destrezas lingüísticas a un nivel axeitado para eles. A lingua de comunicación na aula será o inglés, usando mensaxes sinxelas e fácilmente comprensibles. Nembargantes, farase uso da lingua materna cando sexa preciso facer as aclaracións oportunas para facilitar a aprendizaxe e a comprensión. Fomentarse a aprendizaxe de forma deductiva cando sexa posible, sobre todo no que respecta ó ensino do vocabulario. Asemade, fomentarse a competencia de aprender a aprender: desenvolver estratexias de aprendizaxe que lles permitan aprender mellor, de maneira eficaz e autónoma. Ademais, sempre que se poida utilizar, terá relevancia o uso do dicionario en diferentes soportes para ser consultado. O mesmo ocurriría con seccións como a de gramática (de libros ou apuntamentos). A admisión do erro como parte esencial no proceso de ensino - aprendizaxe, e polo tanto, a autoavaliación, que lles permitirá subsanar eses erros e superarse dende unha actitude positiva.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Teamwork 2. Student's book. Burlington books.

Poderán ser usados ocasionalmente na aula para motivación dos alumnos. Importante mencionar que os alumnos terán á súa disposición nas aulas e na biblioteca diverso material de consulta.

Asemade, os alumnos poderán facer uso da Internet para realizar actividades puntuais propostas polo profesorado e adecuadas para o seu nivel (cancións, xogos, vídeos, búsqueda de información...) coa finalidade de que os alumnos acaden os obxectivos e estean motivados cara a materia. En relación a isto, haberá un plataforma virtual do centro para que o alumnado poda ter acceso ao material que o profesorado considere oportuno. Do mesmo xeito, a través de dita plataforma, poderanse usar enlaces con actividades interactivas para ampliar ou reforzar os contidos da materias. Asemesmo, poderanse utilizar tamén enlaces propios da editorial coa que o departamento está a traballar, os alumnos traballarían diferentes aspectos da materia. Por último, dicir que dispoñemos de ordenadores de sobremesa en todas as aulas de referencia así como nas aulas de desdobres, de agrupamentos específicos, nas aulas técnicas. Ademais de pantalla dixital e canón en todas as aulas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial celebrarase durante os primeiros días de clase no mes de setembro. Esta avaliación permite constatar os coñecementos da materia que teñen o alumnado. A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Diagnostic test.
2. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo, a tea de araña, two truths and one lie, etc).
3. Cuestionario de lecer e afeccións.
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas, etc).

Os resultados non afectarán as cualificacións sendo de carácter meramente informativo para o profesorado. Segundo os resultados, adoptaranse medidas de reforzo e/ou adaptación para aqueles alumnos/as que o necesiten. A avaliación inicial serve para establecer o punto de partida. Terase en conta ademais o observado polo profesor na aula e, tamén, posibles informes de cursos anteriores para detectar as posibles carencias. Deste xeito, poderanse tomar

as medidas oportunas para paliar ditas carencias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	45	34	34	45	45	45	45	45	45	<b>43</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	55	66	66	55	55	55	55	55	55	<b>57</b>

### Criterios de cualificación:

É importante recordar que a avaliación da materia de inglés, ao tratarse da aprendizaxe dunha lingua, é continua e progresiva. Polo tanto, todos os novos coñecementos e contidos se relacionan sempre cos anteriores, pois non se trata de compartimentos estancos.

Para calcular a nota terase en conta o nivel de adquisición das distintas competencias (cada unha asociada a uns criterios de avaliación) da seguinte maneira:

1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS (CA1.1 + CA 1.2)

1.1. Comprensión oral: 15%.

1.2. Comprensión escrita: 15%.

2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS:

2.1. Producción oral e interacción (CA1.3 + CA1.6 + CA1.7 + CA1.8): 15%.

2.2. Producción escrita e mediación (CA1.4 + CA1.5 + CA1.9 + CA1.10): 15%.

3. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE A TRAVÉS DO VOCABULARIO E A GRAMÁTICA (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 30%

4. Interese na aprendizaxe da lingua estranxeira participando de forma activa nas actividades propostas: (CA 3.1 + CA 3.2 + CA3.3): 10%.

O alumnado deberá acadar un grao de consecución mínimo (10%) en cada unha das competencias para poder aprobar.

2. Tendo en conta que na nosa materia a avaliación enténdese como continua e progresiva, a nota da avaliación final será a maior destas dúas: 1) nota do 3ª avaliación parcial, ou 2) a cualificación final obterase calculando a media das tres avaliacións parciais.

3. Durante a realización dunha proba/exame, se algún alumno se ausentase o día de celebración dalgunha proba, poderá repetila mediante xustificación documental. A proba poderá realizala nos días seguintes da súa incorporación.

No caso de que o profesor indique lecturas de libros adaptados, estas lecturas serán consideradas obrigatorias. Avaliaríanse a través de diferentes tarefas/traballos, ou través dunha proba.

Para considerar a materia aprobada, o alumnado deberá obter unha nota global final de 5, como mínimo, e calquera nota inferior suporá que a materia non estará superada.

NOTA: a asistencia a actividades complementarias ou extraescolares do centro é obrigatoria, polo que todo aquel alumno ou alumna que se negue a participar nalgunha delas deberá facer un traballo relacionado coa actividade.

Durante o presente curso, a materia de Lingua Extranxeira, no caso de avaliación continua ou formativa, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, terase en conta tódalas producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de grupo: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. Por tanto, na avaliación formativa ou continua terase en conta, a través de probas, tarefas orais e escritas e observación na clase. Ditas probas faranse para que se poida valorar todo o proceso de aprendizaxe do alumnado e tentar melloralo, a medida que transcorra o curso. O principal obxectivo será o de perfeccionar o propio proceso de formación, e que a avaliación sexa formativa.

### **Criterios de recuperación:**

Dado que no estudo dunha lingua todos os elementos están relacionados entre sí, a avaliación será continua, é dicir, todo o explicado ata o momento do exame poderá considerarse materia de exame de xeito implícito ou explícito. Asemade, tendo en conta o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas. Non haberá, polo tanto, recuperacións, e a observación e interese e esforzo, así como a mellora na asignatura serán moi importantes á hora de superala. Quen supere a derradeira avaliación considerárase que ten aprobadas as previas sen necesidade de ningún tipo de proba de recuperación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

É labor do profesor ou profesora que lle da clase ao alumnado coa materia pendente levar un seguimento do traballo coa materia pendente para aclarar dúbidas ou reforzar a alumnado que o necesite.

O alumnado que teña pendente a materia deberá seguir os pasos que se indican:

1. Durante o curso, os alumnos realizarán fichas de traballo que entregarán periódicamente a súa profesora para a súa corrección. Ademais, realizarán unha proba en cada unha das avaliacións. Faranse, por tanto, un exame escrito con tres oportunidades.
2. Será imprescindible obter un 40% na nota das fichas de traballo para superar a asignatura pendente xa que éstas son parte da valoración do traballo do alumno para aprobar a asignatura, e un 60% nas probas realizadas en cada trimestre para a superación da materia.
3. Os contidos das de pendentes serán os mínimos exixibles do curso anterior.
4. Os alumnos que non superen a materia do curso anterior polos criterios expostos terán a posibilidade de asistir a unha proba final en maio.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado e nos distintos protocolos educativos elaborados pola Consellería de Educación.

De conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado clasificadas en ordinarias e extraordinarias e que se atopan recollidas no Plan xeral de atención á diversidade do centro e na súa concreción anual.

Nos diferentes grupos, pode existir algunhas diferencias no alumnado en canto a capacidades e nalgúns casos existen considerables necesidadeas educativas. Polo tanto, no que respecta á área de Lingua Extranxeira: Inglés avaliaremos estas necesidades e tomaremos as medidas necesarias para axudalos na adquisición das competencias clave nesta etapa educativa.

Despois dunha avaliación inicial, as posibles medidas de atención á diversidade a tomar serán as seguintes:

1. Sempre que sexa posible, prestar apoio ao alumnado que así o precise. Establécese así a posibilidade de que estes alumnos realicen tarefas máis sinxelas (de gramática e/ou vocabulario, por exemplo) e explicados na súa lingua materna para facilitar unha mellor comprensión e traballo autónomo.
  2. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe: actividades de reforzo e/ou ampliación, así como calquera outro material que sexa motivador e o profesor considere que é necesario en cada caso.
  3. Ademais, en coordinación co Departamento de Orientación, realizaranse as Adaptacións Curriculares que se estimen oportunas.
- Nesta programación de aula, no caso de ser posible, haberá un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación para a saúde.				X	X			
ET.7 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.		X						
ET.9 - O emprendemento social e empresarial.			X	X		X		
ET.10 - O fomento do espírito crítico e científico.				X	X			

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - A competencia dixital.	X
ET.4 - A educación emocional e en valores.	X
ET.5 - A igualdade de xénero.	X
ET.6 - A educación para a saúde.	
ET.7 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.8 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X
ET.9 - O emprendemento social e empresarial.	X

	UD 9
ET.10 - O fomento do espírito crítico e científico.	X

#### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, e a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa.		X	
Películas en versión orixinal-.	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha película na lingua inglesa.			X

#### Observacións:

Ademais das actividades propostas, o departamento de inglés tentará dar continuidade a aquelas actividades que funcionaron en anos anteriores xunto con outras que se poidan propor por primeira vez este ano.

Sempre e cando haxa que modificar (engadir, cambiar ou suprimir) estas actividades faráse co consenso do departamento e os cambios quedarán recollidos no libro de actas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Presentación de actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Revisión e corrección de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego de dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporación das TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego de distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.

Medidas de atención á diversidade
Emprego de actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Proposta de actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

#### **Descrición:**

Profesorado e alumnado poderán responder a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será: sempre, case sempre, ás veces, case nunca e nunca.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións, os membros do seminario analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Farase polo tanto un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Ademais, analizaranse os resultados obtidos polo alumnado.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento, analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

### **9. Outros apartados**